



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Traballo fin de Mestrado	Código	652606607	
Titulación	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Arza Arza, Neves Barca Enríquez, Eduardo Espineira Bellon, Eva Maria Perea Vega, Gustavo Ariel Pérez Crego, María Cristina Rego Agraso, Laura Rodríguez Romero, Maria del Mar	Correo electrónico	neves.arza@udc.es e.barcae@udc.es eva.espineira@udc.es gustavo.perea@udc.es cristina.pcrego@udc.es laura.rego@udc.es mar.rromero@udc.es	
Web				
Descrición xeral	No Traballo de fin de mestrado (TFM) converxen a maior parte das competencias do Mestrado. É un traballo individual que se realiza baixo a dirección do profesorado que imparte as materias específicas do itinerario. O tempo total de dedicación é de 150 hs. (6 ECTS). Pode presentarse en dúas oportunidades. A primeira a finais de xuño e a segunda no mes de setembro.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	(CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións
A3	(CE-G3)Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A4	4. (CE-G4)Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes
A8	8. (CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá
A10	10. (CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A13	13. (CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	CE-G14) Respeitar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A16	(CE-E2)Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos.
A18	(CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A20	(CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A21	(CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A23	(CE-E9)Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A26	(CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.



A29	CE-E15) Coñecer a evolución do mundo laboral, a interacción entre sociedade, traballo e calidade de vida, así como a necesidade de adquirir a formación axeitada para a adaptación apropiada e permanente das distintas profesións (FP).
A30	CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización..
A33	(CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Elaborar a fundamentación teórica e legal, analizando e valorando as bases legais e os obxectivos do desenvolvemento sostible aplicables á materia ou módulo e á etapa educativa.	AP1		CM1
	AP10		CM3
	AP13		CM4
	AP14		CM6
	AP15		CM7
	AP16		CM8
	AP18		
	AP19		
	AP21		
	AP24		
	AP26		
AP29			
Deseñar unha programación ou unidade didáctica contextualizada, viable, coherente co marco teórico e curricular	AP1		CM1
	AP3		CM3
	AP4		CM4
	AP8		CM6
	AP10		CM7
	AP13		CM8
	AP14		
	AP15		
	AP16		
	AP18		
	AP19		
	AP20		
	AP21		
	AP23		
	AP24		
AP25			
AP26			
AP29			
AP30			
AP33			



Comunicar o coñecemento construído			CM1 CM3 CM7
------------------------------------	--	--	-------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Fundamentación teórica e legal	<ul style="list-style-type: none"> - Fonte sociolóxica - Fonte psicolóxica -Fonte pedagóxica -Fonte epistemolóxica
Deseño unidade didáctica ou programación	<ul style="list-style-type: none"> - Contextualización (curricular, centro e alumnado) - Obxectivos - Contidos - Metodoloxía - Actividades e recursos - Atención á diversidade - Avaliación
No caso de que o TFM non se centre no deseño do segundo ou terceiro nivel do currículo, as temáticas adaptaranse á modalidade escolleita e ás peculiaridades do Itinerario de FOL.	<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentación teórica - Desenvolvemento - Conclusións

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A3 A4 A8 A10 A13 A14 A15 A16 A18 A19 A20 A21 A23 A24 A25 A26 A29 A30 A33 C1 C3 C4 C6 C7 C8	15	110	125
Presentación oral	C1 C3	1	9	10
Atención personalizada		15	0	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O TFM pode acollerse a distintas modalidades que están descritas no seu documento marco. Entre outras, estarían: o deseño e desenvolvemento dunha investigación educativa, a revisión e investigación bibliográfica, un proxecto integrado ou actividades complementarias, innovación educativa con elaboración de materiais didácticos, temáticas transversais (perspectiva de xénero, educación mediática, competencia dixital docente etc.), programacións dos módulos ou materias da especialidade e deseño de unidades didácticas.
Presentación oral	Consiste na presentación e defensa do TFM ante un tribunal composto por profesorado do mestrado. Para a exposición, que é pública, o alumnado disporá de 20 minutos. O tribunal realizará as valoracións e preguntas que estime oportunas e debatirá co alumno/a.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Presentación oral Traballos tutelados	<p>A elaboración do TFM estará supervisada polo profesor ou profesora que asuma a súa dirección. A supervisión e orientación tamén se estende á preparación da presentación e defensa do TFM.</p> <p>As titorías realizaranse presencialmente, a través do correo electrónico, de TEAMS e de moodle. En moodle abrirase un foro específico de dúbidas para a elaboración e presentación do TFM.</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	C1 C3	<p>Presentación e defensa</p> <p>? Calidade nos medios e/ou materiais de apoio.</p> <p>? Selección e síntese da información</p> <p>? Utilización de vocabulario profesional.</p> <p>? Utilización da lingua galega con calidade lingüística</p> <p>? Argumentación na defensa</p>	15



Traballos tutelados	A1 A3 A4 A8 A10 A13 A14 A15 A16 A18 A19 A20 A21 A23 A24 A25 A26 A29 A30 A33 C1 C3 C4 C6 C7 C8	<p>Cuestións formais (5%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Claridade expositiva e organización da información? Marxes, identificación das táboas, diferenciación tipográfica dos distintos apartados e subapartados.? Pertinencia dos anexos <p>Fundamentación teórica e legal (30%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Suficiencia e profundidade do marco teórico? Incorporación das achegas/temáticas abordadas nas materias do mestrado.? Bibliografía actualizada e referenciada conforme ás normas APA 6ª edición.? Análise e valoración crítica das prescricións normativas e curriculares que aplicables a proposta? Orixinalidade na presentación da temática <p>Proposta (40%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Contextualización (centro, alumnado, curricular)? Nivel de concreción e formulación de obxectivos e contidos? Nivel de concreción (desenvolvemento das actividades e coherencia coa proposta metodolóxica ...)? Nivel de concreción da proposta de avaliación (construción de instrumentos, participación do alumnado, criterios de cualificación, avaliación da proposta...)? Viabilidade da proposta atendendo a súa contextualización.? Relación e coherencia coa fundamentación teórica e normativa <p>Valoración persoal e conclusións (10%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Relación das conclusións cos obxectivos do TFM.? REflexión sobre as competencias adquiridas e os ámbitos de mellora profesional.? Grao de integración dos coñecementos coseguidos nas distintas materias do mestrado <p>Utilización da lingua galega con calidade lingüística</p> <p>Utilización da lingua inclusiva</p>	85
---------------------	--	--	----

Observacións avaliación



RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación e cualificación detállanse nunha matriz de valoración que se pode consultar en moodle

UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A utilización da lingua galega coa calidade requirida no documento escrito e na presentación pode incrementar a cualificación até un punto.

REQUISITOS PARA PODER PARA PRESENTAR O TFM

O TFM só se pode presentar tendo a totalidade das materias do mestrado aprobadas.

CONVOCATORIAS/OPORTUNIDADES , TRIBUNAIS E DEFENSA

O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades. A primeira oportunidade é a principios de xullo e a segunda en setembro. No documento marco poden consultarse toda a información relativa ao procedemento e as datas. ESto documento está accesible na web da Facultade e en moodle.

Para a avaliación dos TFM tribunais formados por tres persoas titulares e unha ou dúas suplentes. Os membros dos tribunais son docentes do Mestrado, dous deles imparten as materias específicas do itinerario de FOL. A dirección do TFM non pode formar parte dos tribunais que xulguen os TFM do alumnado que titorizou. Para a defensa do TFM o alumnado disporá dun máximo de 20 minutos. O tribunal formulará as preguntas, comentarios e suxestións que estime oportunas. Finalizadas todas as defensas dos TFM o tribunal publicará as cualificacións provisionais na aplicación do TFM na intranet da Facultade e indicará a data, hora e lugar para revisión.

UTILIZACIÓN DA LINGUAXE INCLUSIVA E DA CITACIÓN XUSTA A linguaxe inclusiva é de uso obrigatorio.

Co obxectivo de visibilizarmos as autoras nas referencias bibliográficas, recoméndase utilizar a citación xusta, para a que se poden consultar as seguintes fontes:

<https://infoguias.biblioteca.udc.es/c.php?g=653851&p=4979900>

<https://biblioteca.uoc.edu/ca/plana/Estil-APA/>

FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse no texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 7ª edición. Plaxio O plaxio será motivo de suspenso. O artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC establece que " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixianl, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" **NORMAS PARA A AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓNS**

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avalacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf

<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Fontes de información

Bibliografía básica	- () . . Unha boa parte da bibliografía proporciónase en distintas materias do Máster, sobre todo nas materias específicas do itinerario. O alumnado terá que recuperar estas fontes e facer procuras específicas. A dirección do TFM tamén pode proporcionar a bibliografía que considere de interese. En moodle recompílanse recursos de carácter xeral para a elaboración de traballos académicos: guías para mellorar a redacción en galego, guías para a utilización dunha linguaxe inclusiva, normas APA 7ª edición etc. No documento marco para a elaboración do TFM, TFM-MS 2023-24.pdf (udc.es) , preséntase información máis pormenorizada sobre as modalidades, sobre a escolla da dirección e temática , sobre o sistema de avaliación e sobre o procedemento e as datas para a presentación e defensa do TFM.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

Relación coas materias do mestrado Para a realización do TFM son imprescindíbeis as achegas de todas as materias do Mestrado, maiormente as propias da especialidade (Aprendizaxe, Inserción e orientación laboral, Practicum e Mercado laboral e FP). Un bo aproveitamento das materias facilita a elaboración do TFM. Lectura do documento marco do TFM. No documento marco do TFM pode obterse información máis detallada sobre modalidades ou temáticas, funcións e asignación da dirección, procedemento de avaliación e calendario para a presentación e defensa. Este documento está dispoñible na web da Facultade e en moodle. COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL. Co obxectivo de facer un uso sustentábel dos recursos evitar impactos negativos sobre o medio natural o TFM entregarse en formato dixital.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías